

## Non quero

Ese é o seu maior medo. Aínda que para outros sexa unha liberación, para min é un sufrimento.

Todo comezou hai dous anos, despois do confinamento tivemos que mudarnos a outro lugar, e polo tanto, comezar noutra escola. Cústame socializar, e ata agora estaba ben, sendo a persoa nova e descoñecida que senta na esquina dereita da clase.

Todos comezaron a preocuparse cando tomei a miña decisión. Os meus pais leváronme a terapia, e cando me preguntaron o porqué da miña opinión dixen:

-Porque non, non quero, non me dá a gana.

Iso non era totalmente certo, realmente non me daba igual. Teño medo, pánico e vergoña, non quero saber que dirá o resto. Non me quero quitar a máscara, sen ela non me sinto igual. Pero acabo de tomar unha nova decisión: xa basta de medos.

Lucía Fernández Gándara 2ºB